



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BDEP-C / 2018

Expediente: 2018000005507

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA PROVINCIA 2018 - GRUPO C DURANTE O ANO 2018

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

ANTECEDENTES

1º.- A Resolución de Presidencia nº 38243, do 07/11/2018 aprobou a concesión provisional das Bolsas para deportistas da provincia 2018 - Grupo C, e concedeu un prazo 10 días para comunicar, se é o caso, o desistimento da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros

2º.- No prazo de alegacións concedido, presentaron alegacións:

Daniel Castro Barcala: alega que por competir en categoría junior non foi valorado e solicita que se admitan logros nacionais e autonómicos.

María Cristina Castro Barcala: alega que por competir en categoría junior non foi valorado e solicita que se admitan logros nacionais e autonómicos.

José Fernandez Rey : alega que os criterios de resultado para o grupo C son desproporcionados co obxecto das bolsas e solicita que o importe das bolsas desertas se reparta entre os aspirantes.

Ivanna Carolina Román Sanchez: alega que non se valorou a pertenza a un club deportivo da provincia.

Andrea Vazquez Segade: alega que por idade participa na categoría xuvenil e non pode participar nos xogos olímpicos, pero si participou na súa categoría en campeonatos a nivel galego, nacional e europeo.

3º.- Logo de revisar as alegacións citadas, conclúese que procede desestimalas, porque na valoración dos solicitantes aplicáronse estrictamente os baremos establecidos nas Bases reguladoras das bolsas que foron publicadas no BOP nº 97, do 24/05/2018, e que non foron impugnadas. Non poden valorarse outras competicións non incluídas na base 6.1.1 para o baremo do grupo C.

Respecto da alegación de Ivanna Carolina Román Sanchez, non se valorou a pertenza a un club deportivo da provincia por non incluír o certificado o ano 2018.

Visto o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas polos motivos expostos no punto 3º dos antecedentes

2º.- Conceder definitivamente as seguintes bolsas

| EXPEDIENTE | SOLICITANTE | IMPORTE |
|---------------|--------------------------------------|------------|
| 2018000028635 | ABUIN ARES, UXIO | 4.000,00 € |
| 2018000029047 | ALVARIÑO GARCIA, MIGUEL | 4.000,00 € |
| 2018000027426 | AREVALO LOPEZ, CARLOS | 4.000,00 € |
| 2018000029487 | CASTRO MARIÑO, VICTOR | 4.000,00 € |
| 2018000029378 | GAITERO MARTIN, ALBERTO | 4.000,00 € |
| 2018000028967 | GARCIA SUAREZ, NOELIA | 4.000,00 € |
| 2018000029384 | LOPEZ MARRA, IAGO | 4.000,00 € |
| 2018000028702 | PELETEIRO BRION, ANA | 4.000,00 € |
| 2018000029046 | RODRIGUEZ GONZALEZ, GUILLERMO JAVIER | 4.000,00 € |
| 2018000029032 | TORO PRIETO-PUGA, SOFIA | 4.000,00 € |
| 2018000027688 | VIDAL ALVAREZ, ALEJANDRO | 4.000,00 € |

3º.- Denegar as bolsas aos 14 aspirantes a bolseiros que non acadaron os resultados deportivos requeridos na base 6.1.1 para o grupo C

4º.- Deixar desertas 4 bolsas por non acadar os solicitantes os resultados deportivos requeridos na base 6.1.1 para o grupo C.

5º.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3411/481, fase A, operación nº 220180017437, do 04/06/2018, importe: 44.000,00€

6º.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art. 59.6.b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente